

O ilusionista ferrolán Martín Varela actuará na Festa de entrega de premios

Martín Varela, unha realidade no ámbito do ilusionismo cos seus dezasete anos, participará na festa de entrega de premios. Desde que, con nove anos, decidiu dedicarse ao mundo da maxia, fascinado ao ver un espectáculo do mestre Juan Tamariz nas instalacións de FIMO, o seu camiño leva unha dirección ben fixada: "facer cousas imposibles", segundo propia definición. Se con once anos fixo a súa primeira aparición pública ante un número reducido de persoas, hoxe é quen de encher teatros e auditorios cos seus espectáculos, nos que xunta o mellor das artes escénicas.